

## Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 30 de abril de 2020

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 30/04/2020
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 30/04/2020
- III. Modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais

Ábrese a sesión ás 13 horas e 30 minutos Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátase o seguinte punto da orde do día:

- **Aprobación, se procede, das modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais.**

A Directora agradece o traballo das persoas coordinadoras das titulacións do centro e aclara a cronoloxía dos feitos:

- **8 de abril.** Fin do prazo dado ao profesorado das materias do segundo cuadrimestre do centro para enviar as modificacións das guías docentes debido á suspensión das actividades presenciais.
- **13 de abril.** A Universidade envía á comunidade universitaria o “*Manual de urxencia para a docencia e avaliación*” no que se recollen recomendacións relativas ao desenvolvemento da docencia non presencial e ás probas de avaliación.
- **14 de abril.** Resolución Reitoral que establece que as avaliacións continuas e avaliacións finais correspondentes ao actual curso académico na Universidade de Vigo se desenvolverán de xeito virtual.
- **16 de abril.** Aprobación en Comisión de Calidade e Comisión Permanente das modificacións das guías docentes das titulacións do centro.
- **22 de abril.** Novo prazo para que o profesorado das materias do segundo cuadrimestre poida enviar axustes nas guías docentes para adaptalas ás novas directrices.
- **1 de maio.** Fin do prazo da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado para a aprobación e publicación das modificacións das guías docentes.

A Presidenta lembra que as modificacións das guías foron enviadas previamente aos membros da comisión, cos axustes propostos marcados en verde, e que xa foron aprobadas na Comisión de Calidade. Propón revisalas titulación por titulación.

En canto as guías das materias do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (MUEM) comenta as principais modificacións propostas. Indica que hai cambios en dúas materias (*Enxeñaría de explosivos* e *Enxeñaría Mineira*), que foron propostos tendo en conta a opinión do alumnado e que xa foron aprobados na CAM. Aclara que se trata sobre todo de axustes nos pesos das diferentes actividades de avaliación. Finalmente, agradece a Teresa Rivas, coordinadora do primeiro curso do máster, o traballo realizado.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do MUEM.

A continuación a Directora cede a palabra a David Patiño, coordinador do Grao en Enxeñaría da Enerxía (GEE), para que expoña as principais modificacións propostas nas guías das materias deste grao. Este comenta que só hai cambios en dúas materias comúns aos dous graos (*Xeoloxía e Recursos, instalacións e centrais hidráulicas*) e nunha materia específica do grao (*Motores e turbomáquinas térmicas*).

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do GEE.

A continuación a Directora cede a palabra a María Araújo, coordinadora do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos (GERME), para que expoña as principais modificacións propostas nas guías das materias deste grao. Esta comenta que, ademais das dúas materias comúns aos dous graos, só hai modificacións nas materias *Rochas industriais e ornamentais* e *Control de calidade de materiais*. Aclara que hai que corrixir unha errata que atopou.

A comisión aproba por asentimento as modificacións propostas para as guías do GERME.

A Directora agradece a labor das persoas coordinadoras, do profesorado e da delegación de alumnado e comenta que todas as modificacións aprobadas das guías se publicarán no espazo habilitado na web do centro e na plataforma DocNet e que se enviará un comunicado.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 47 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a trinta de abril de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

**Convocatoria da Comisión Permanente do 30/04/2020**



## **ANEXO II**

**Asistentes á Comisión Permanente do 30/04/2020.**



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 30 de abril de 2020</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>PROFESORADO</b>
Alfonso Mandado Vázquez
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
Teresa Rivas Brea
<b>ESTUDANTES</b>
Marta Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
Belén Parente Artime
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez



## **ANEXO III**

Modificacións das guías docentes do curso 2019/20 debido á suspensión das actividades presenciais